

MOCIÓN DE AER SOBRE A PLANTA SUPERIOR DO MERCADO DE ABASTOS

PLENO 5 XUÑO 2014. ACTA 8/2014

“Temos xa un mercado de abastos de Redondela, renovado e preparado para cumprir nas mellores condicións, agás pola accesibilidade, coas súas funcións. Este mercado conta cun andar superior perfectamente dotado para ofrecer servizos, pero está baleiro.

Parécenos un momento axeitado para darlle pulo a un proxecto que facilite a comercialización de produtos locais e facilitar a integración laboral de novos emprendedores. É por iso que propoñemos ao pleno do Concello o seguinte **acordo**:

Habilitar o andar superior do mercado de abastos de Redondela como de produtos “quilómetro cero”, para o cal se porán en marcha todas as medidas de promoción necesarias para facilitar a saída de produtos agrícolas, gandeiros ou manufacturas realizadas *en e dende* Redondela”

VOTACIÓN E ACORDO.-

Sometida a moción a votación, é aprobada por unanimidade dos/as concelleiros/as presentes, nos seguintes termos: “Habilitar o andar superior do Mercado de Abastos de Redondela priorizando a súa ocupación como centro de produtos “quilómetro cero”, para o cal se porán en marcha todas as medidas de promoción necesarias para facilitar a saída de produtos agrícolas, gandeiros ou manufacturas realizadas *en e dende* Redondela.